

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Resolución da Presidencia, do 20 de maio de 2020, sobre os procedementos de contratación e os contratos en execución no Parlamento de Galicia con motivo da declaración do estado de alarma mediante o RD 463/2020

Mediante Resolución do 2 de abril de 2020 e en aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 (BOE nº 67, do 14 de marzo), esta Presidencia resolveu en que medida afecataba os procedementos de contratación e contratos vixentes da Administración do Parlamento a suspensión de prazos decretada na disposición adicional terceira.

O estado de alarma foi prorrogado polo Real decreto 476/2020, do 28 de marzo, o 487/2020, do 11 de abril, o 492/2020, do 25 de abril, e o actual 514/2020, do 9 de maio, que se estende ata o 23 de maio incluído.

Durante este tempo aprobáronse diferentes medidas. No concernente á contratación pública, entre outras, sobresae:

— A disposición derradeira 10^a, apartado sexto, do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego (BOE nº 112, do 22 de abril), que modifica a disposición adicional 8^a do Real decreto lei 11/2020, referido á ampliación dos prazos para recorrer, engadindo a previsión de que naqueles procedementos de contratación cuxa continuación fose acordada por unha entidade durante o estado de alarma, serían susceptibles de recurso especial en materia de contratación, sen que o procedemento de recurso puidese considerarse suspendido ao abeiro do disposto no apartado primeiro da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020. Nese caso non resultará de aplicación o previsto na mencionada disposición adicional oitava, apartado 1, polo que os prazos do recurso especial continuarán computándose nos termos establecidos na lei.



— A disposición adicional oitava do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para fazer fronte ao impacto económico e social da covid-2019, establece que, para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao sector público, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos.

O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos os casos.

Isto determina a volta á normalidade dos procedementos de contratación da Administración parlamentaria, que licita os seus procedementos en modo electrónico segundo as normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública na Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas pola Mesa do Parlamento o 1 de outubro de 2013, implicando, respecto dos procedementos que foron suspendidos pola Resolución do 2 de maio de 2020, a súa continuación.

Polo que respecta ao contrato do servizo de cafetaría, a inminente volta á actividade presencial dos empregados públicos da Administración parlamentaria, e previsiblemente dos Grupos Parlamentarios, e a activación de certa actividade parlamentaria e institucional, fan necesaria a prestación dos servizos obxecto deste contrato; no entanto, esta volta á actividade será gradual e progresiva, polo que o desenvolvemento deste servizo non pode, nin debe, dadas as medidas e prevencións que a teor da situación sanitaria provocada polo covid-19 se deben seguir mantendo, recuperarse de modo completo, sendo, de momento, necesaria a prestación parcial do servizo, tanto en canto a prestacións a realizar como ao horario de cobertura daquel, e, consecuentemente, ao número de efectivos que deben realizalo, nos termos propostos polo responsable do contrato no seu informe de 20 de maio de 2020.

En consecuencia, en virtude da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria na Presidencia da Cámara aprobada por acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 14 de febreiro de 2020, RESOLVO:

1. Reemprender a tramitación do expediente STI-NSP-2-2020, de subministración de computadores portátiles para a XI Lexislatura, comunicándollelo aos interesados, o que implica que volve correr o prazo para a presentación de recurso especial en materia de contratación.
2. Reemprender a tramitación do expediente STI-PA.STA-3/2020 de subministración e servizo de mantemento dun sistema de alimentación ininterrompida, o que implica a súa publicación na plataforma de contratos públicos de Galicia e na plataforma de licitación electrónica do Parlamento e a consecuente apertura de prazo para a presentación de ofertas.
3. Reemprender a execución parcial do contrato de servizo de cafetaría, comedores e servizos complementarios (expediente SRI-PA-8/2018), con efectos dende o 25 de maio de 2020.



O servizo deberá prestarse nas condicións e garantías establecidas polo responsable do contrato no seu informe do 20 de maio de 2020, polo que as prestacións obxecto do contrato deberán ser realizadas polo 50 % dos efectivos asignados ao contrato.

Comunicarase ao contratista que deberá solicitar o aboamento dos danos e perdas efectivamente sufridos por el durante o período de suspensión total do contrato, e a acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía.

Levantarase acta de terminación da suspensión total do contrato e de comezo da suspensión parcial.

4. Retomar a contratación menor, que deberá seguir tramitándose totalmente en modo electrónico.

5. Comunicar esta resolución aos interesados afectados, ao Servizo de Persoal e Réxime interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

6. Publicar esta resolución no perfil de contratante e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2020

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente

